

STEFAN ZWEIG

A impaciencia do corazón

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

Todo comezou cunha torpeza, cunha falta de habilidade completamente fóra do meu control, unha *gaffe*, como din os franceses. Despois tentei remediar a miña estupidez, pero cando se quere amañar a toda présa a roda dun reloxo, a maioría das veces estrágase todo o mecanismo. Mesmo hoxe, ao cabo dos anos, non son capaz de delimitar onde remata a miña torpeza e onde comeza a miña culpa. Talvez nunca o saberei.

Daquela tiña vinte e cinco anos e era un tenente activo no rexemento X de ulanos. Non podo afirmar que sentise nunca unha paixón especial ou vocación pola carreira militar. Pero cando nunha vella familia de funcionarios austríaca, dúas rapazas e catro nenos que sempre teñen fame sentan ao redor dunha mesa con poucas provisións, non se lles pregunta polas súas inclinacións, senón que se meten cedo no forno do oficio para que non graven demasiado tempo o presuposto familiar. Ao meu irmán Ulrich, que xa na escola tollía os ollos de tanto estudar, metérono no seminario; a min, que tiña os ósos fortes, mandáronme á academia militar: dende alí o fio da vida enrodébase automaticamente, non fai falla seguir engraxándoo. O Estado ocúpase de todo. Ao cabo de poucos anos e de balde, segundo o modelo deseñado polo erario, a partir dun cativo pálido e imberbe confecciónase un alférez de barba incipiente que se lle entrega ao exército

listo para o seu uso. Un día, no aniversario do emperador, cando aínda non fixera os dezaioito anos, licenciáronme, e pouco despois asomou a primeira estrela no pescozo; con isto estaba superada a primeira etapa, e a partir de entón podía-se seguir debandando a rolda dos ascensos de xeito mecánico e coas debidas pausas até a xubilación e a gota. Tampouco non fora o meu desexo servir precisamente en cabalaría, tropa por desgraza moi custosa, senón un capricho da miña tía Daisy, que casara en segundas nupcias co irmán maior do meu pai cando aquel pasou do Ministerio de Facenda á presidencia dun banco, un posto máis rendible. Rica e snob ao mesmo tempo, non aturaba que alguén da parentela que levaba igualmente o apelido Hofmiller lixara o nome da familia servindo en infantaría, e como este capricho custaba cen coroas ao mes, tiña que amosar ante ela a máis submisiva gratitude en todas as ocasións. Ninguén pensara nunca en preguntarme, e eu menos aínda, se me agradaba servir en cabalaría ou sequera estar en activo. Sentado na sela sentíame ben e non pensaba en nada máis alá do pescozo do cabalo.

Aquel novembro de 1913 algunha orde debeu de moverse dun despacho a outro, pois de súpeto o noso escuadrón foi desprazado de Jaroslaw a outra pequena gornición da fronteira húngara. Pouco importa se digo o nome desta pequena cidade ou non, pois dous botóns dunha mesma casaca non poden parecerse tanto coma dúas gornicións de provincias austríacas. Nunha coma na outra, as mesmas edificacións: un cuartel, un picadeiro, unha praza de armas, un casino de oficiais, e mais tres hoteis, dous cafés, unha pastelería, unha taberna e un deslucido teatro de variedades con *soubrettes* avellentadas que neste segundo oficio se reparten cariñosamente entre oficiais

